



BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2013

Bases que regulan a participación no concurso de disfraces que organiza o Concello de Oleiros o venres 15 de febreiro na polideportiva municipal Arsenio Iglesias de Sta. Cruz

PRIMEIRO.- O Concello de Oleiros organiza un concurso de disfraces no que poderán participar todas as persoas **maiores de 16 anos** que o desexen. Os disfraces de grupo poderán incluír algún membro menor de 16 anos.

SEGUNDO.- Poderán inscribirse previamente antes das 12:00 h do xoves 14 de febreiro de 2013 por calquera das seguintes formas:

- Por **correo electrónico**, enviando ao enderezo de correo electrónico e.rodriguez@oleiros.org a inscrición que poderán descargar na páxina web www.oleiros.org.
- A través do teléfono **981 610 000**.
- Acudindo ás **oficinas de Servizos Sociais** na rúa Camilo Díaz Baliño de Oleiros.
- **O día da celebración do concurso, o venres 15 de febreiro**, na polideportiva Arsenio Iglesias de Sta. Cruz entre as **19:00 e as 19:30 horas**.

(Se realizan a inscrición por internet ou por teléfono, a persoa que represente o disfrace deberá retirar o dorsal e asinar a ficha de inscrición o venres 15 de febreiro entre as 19:00 e as 19:30 horas na polideportiva municipal de Arsenio Iglesias).

A inscrición debe ser cuberta sempre pola persoa que vai disfrazada, nos disfraces de grupo, un dos compoñentes.

Na inscrición deberán especificar todos os elementos que conforman os disfraces e as dimensións. Debido ás características da instalación e o escenario, estes elementos non deberán exceder das dimensións de 1,20 de ancho x 1,50 de longo e 2 metros de alto.

Os disfraces poderán levar carrozas doutras dimensións, pero estas non entrarán no recinto, colocaranse nun recinto exterior e non serán valoradas para o concurso.

Debido ás limitacións do recinto, no momento que este se encha, a organización non habilitará ningún espazo alternativo. Non se poderá trasladar ningunha carroza ao recinto antes das 18:00 da tarde e sempre despois de solicitar o permiso ao equipo de seguridade que ordenarán os espazos do recinto. Os transportes que se utilicen para trasladar as carrozas deberán aparcar no espazo habilitado como aparcamento da festa na rúa Concepción Arenal.

TERCEIRO.- Establécense dúas categorías: “GRUPOS” (dúas ou máis persoas), ou ben “INDIVIDUAL” (unha persoa).

CUARTO.- O concurso terá lugar o venres 15 de febreiro durante a celebración do ENTROIDO 2013 na polideportiva municipal Arsenio Iglesias de Sta. Cruz.

As persoas participantes realizarán un desfile subindo ao escenario a partir das 19:45 horas. No desfile só se poñerá a música de fondo seleccionada pola organización. As persoas participantes non poderán estar máis de 2 minutos enriba do escenario, o suficiente para desfilarse e que público e xurado poidan observar os disfraces. Non poderán utilizar ningunha substancia que poida ser inflamable ou perigosa.

QUINTO.- Valorarase a creatividade, posta en escena, orixinalidade, calidade na confección e as características dos materiais utilizados, ademais valorarase aqueles disfraces onde o conxunto de todos estes elementos sexa representativo do espírito festeiro do Entroido.

SEXTO.- O fallo do xurado comunicarase ao remate da festa.

SÉTIMO.- O xurado estará presidido polo concelleiro de Servizos Sociais ou pola persoa en quen delegue. Os membros do xurado serán nomeados pola Concellería de Servizos Sociais.

OITAVO.- Establécense os seguintes premios:



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

Grupos

1º Premio **1000 €**

2º Premio 700 €

Dous 3º Premios de 400 € .

Individual

1º Premio **300 €**

2º Premio 200 €

Dous 3º Premios de 100 €

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente.

Os premios faranse efectivos con posterioridade nas oficinas do Concello. O Concello comunicará por teléfono as datas nas que poderán facer efectivo o premio. O aboamento dos premios realizarase a nome das persoas que cubran e asinen as fichas de inscrición.

NOVENO.- O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

DÉCIMO.- A aceptación do concurso levará implícita a aceptación das bases. O fallo será inapelable, e o xurado resolverá calquera circunstancia non prevista nas bases.

Calquera circunstancia non prevista nestas bases e que poida alterar o normal desenvolvemento do concurso deberá ser consultada coa organización.